

INFORMACIÓN SOBRE O CAMBIO DE APELIDOS

A persoa solicitante deberá estar empadroadada no partido xudicial de Viveiro.

REQUISITOS PARA SOLICITAR O CAMBIO DE APELIDOS

a) Requisitos xerais:

- Que a persoa afectada polo cambio use e sexa coñecida polo apelido que solicita. Ese uso e coñecemento non se pode crear intencionadamente para conseguir o cambio.
- Que os apelidos novos pertenzan lexitimamente á persoa interesada.
- Que os apelidos resultantes do cambio non pertenzan a unha soa liña, senón un deles á materna e outro á paterna.

b) Especificacións:

Os anteriores son os requisitos xerais. Non obstante, as normas do Rexistro Civil teñen en conta determinados **casos en que algúns dos mencionados requisitos non son esixibles**:

- Non é necesario que concorra o primeiro dos requisitos sinalados anteriormente cando se trate de apelidos que sexan contrarios ao decoro ou que poidan ocasionar graves inconvenientes, nin tampouco cando exista risco de que desapareza un apelido español (risco que non debe referirse ou reducirse ao ámbito dunha determinada familia, senón ao xeral español).
- Non é preciso que concorran ningún dos mencionados requisitos cando se dean circunstancias excepcionais, suposto este no que existe un procedemento especial.
- Tampouco é necesario que concorra ningún dos requisitos xerais no caso de que a persoa solicitante do cambio de apelidos sexa obxecto de violencia de xénero, teña concedida algunha medida cautelar de protección xudicial, ou en calquera suposto no que a urxencia da situación así o requira.
- Para os cidadáns e cidadás da Unión Europea aplícase, así mesmo, a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) do 2 de outubro de 2003 —caso García Avello— e do 14 de outubro de 2008 —caso Grunkin-Paul—).

Ademais, pode solicitar o cambio calquera que teña unha causa xustificada para facelo se a modificación non prexudica a terceiras persoas.

c) Regularización ortográfica dos apelidos:

Pode solicitarse ao encargado do Rexistro Civil cando a forma en que os apelidos están inscritos non se adecúa á gramática ou á fonética **da lingua española correspondente**.

d) Inversión de apelidos:

Pode solicitarse sen necesidade de ningunha xustificación.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Certificado de empadramento actualizado no partido xudicial de Viveiro.
- Certificado de nacemento actualizado.
- Segundo o caso, documentación xustificativa da causa.
- Fotocopia do DNI/pasaporte.
- Libro de familia (orixinal e unha fotocopia).

DEBERÁ COMPARECER CO SEU DNI/PASAPORTE